



ACTA DE AVALIACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO PROCESO PARA A SELECCIÓN DUN/HA OPERARIO DE OFICIOS MÚLTIPLES, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL LABORAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO RESIDENCIA DE ANCIÁNS "A NOSA SEÑORA DO CARME" DESTE CONCELLO DE SARRIA, NO MARCO DO PROCESO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Na Residencia de Anciáns "a nosa Señora do Carme" ás 09:30 horas do día 8 xullo de 2010 convocados para a realización das probas prácticas do procedemento selectivo convocado para provisión de **DUNHA PRAZA DE OPERARIO DE OFICIOS MÚLTIPLES,**

O tribunal queda formado nesta sesión por:

Presidente: D. Arximiro Fernández Arias, Técnico de Recursos Humanos da Excma. Deputación de Lugo.

Secretario: Don Rodrigo Arias Iglesias, funcionario do Concello de Sarria.

Vogais:

D. Eduardo Yepes de Paz, Xefe da Sección Industrial, Servizo e Urbanismo da Excma. Deputación de Lugo.

D. José Antonio Carballo Montes, Oficial de Oficios Múltiples do Servizo de Réxime Interior e Mantemento da Excma. Deputación de Lugo.

D^a Ana Losada Real, Responsable do Negociado de Selección, Promoción e Carreira da Excma. Deputación de Lugo.

A primeira proba segundo o establecido na base 2.1. consiste nun caso práctico en relación coas tarefas e funcións habituais dos postos e, en concreto, na realización dunha proba de carácter práctica entre dúas propostas formuladas polo Tribunal. O tempo máximo para a realización deste exercicio será dunha hora.

O tribunal acorda, por unanimidade, que os supostos que configuran esta proba sexan os seguintes:

Suposto A

Arranxar a barandilla dunha cama situada na habitación 307 da residencia de anciáns Nosa Señora do Carme, que está estropeada.

Suposto B

Arranxar a cisterna da habitación 112 da residencia de anciáns Nosa Señora do Carme, que verte auga.

Preparado o material para realizar a proba, procédese a chamar ao único aspirante que comparece para a realización desta primeiro exercicio da fase de oposición, dándolle a escoller entre os dous supostos propostos polo Tribunal. O aspirante manifesta que escolle o suposto B.



Esta proba puntúase ata un máximo de 50 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 25 puntos. Como consecuencia o Tribunal, rematada a proba acorda, por unanimidade, outorgar as seguintes cualificacións:

APELIDOS E NOME	RESULTADO
BRAVOS PAZOS, MIGUEL.	Non se presenta.
CARBALLO CASTRO, LUÍS.	Non se presenta.
DÍAZ VALCÁRCEL, SERGIO.	45.

A continuación o Tribunal revisa a instancia do aspirante aprobado para comprobar se ten acreditado o coñecemento de lingua galega. Dado que non posúe esta acreditación e como queira que o aspirante renuncia ao prazo de 48 horas entre probas legalmente establecido, acórdase realizar a proba de galego a continuación.

Segundo o establecido na base 2.2 A proba de coñecemento do idioma galego será oral cualificándose como apto ou non apto.

O tribunal chama ao aspirante e realízalle a proba de galego acadando o resultado de Apto.

Rematada a fase de oposición o Tribunal establece as seguintes cualificación finais que son o resultado das puntuacións acadadas na fase de concurso e na fase de oposición:

APELIDOS E NOME	CONCURSO	OPOSICIÓN	RESULTADO
DÍAZ VALCÁRCEL, SERGIO	17,110	45	62,11

Á vista das cualificacións finais a lista de aprobados é a seguinte:

APELIDOS E NOME	RESULTADO
DÍAZ VALCÁRCEL, SERGIO.	62,1

O tribunal, conforme o establecido nas bases específicas e 13 das xerais, considerando a orde da lista de aprobados, propón a resolución do procedemento selectivo, **DUNHA PRAZA DE OPERARIO DE OFICIOS MÚLTIPLES**, pertencente ao cadro de persoal laboral do organismo autónomo residencia de anciáns "a nosa Señora do Carme" deste Concello de Sarria, no marco do proceso de consolidación de emprego temporal, a favor de: **DÍAZ VALCÁRCEL, SERGIO**.

Levántase a presente acta que asinan tódolos que nela interveñen, sendo as 10:45 horas do 8 de xullo de 2010, de todo o cal eu, Secretario, Certifico. Contra a presente proposta de resolución caben as impugnacións e reclamacións establecidas nas bases reguladoras deste proceso selectivo.